

PRÁCTICA_6: RESOLUCIÓN DE TRIÁNGULOS-CASO II

1.- Fai no caderno o debuxo que mostra a escena para os valores iniciais **a = 10**, **B = 45°**, **C = 76°**, escribindo estes elementos no lugar correspondente.

2.- Constrúe o triángulo desplazando os controis ata que os lados, que se van alongando, se corten no vértice do ángulo **A**.

3.- Fai os cálculos indicados polas fórmulas no caderno e comproba a solución mostrada na pizarra. Repásaos se non son coincidentes con estes.

4.- Constrúe o triángulo isósceles **a = 12**, **B = C = 60° 30'**. Terás que modificar a escala da escena para poder ver a figura completa. Debuxa o resultado no teu caderno. Fai os cálculos e comproba a solución dada polo programa.

5.- Constrúe un triángulo rectángulo de base **a = 8**. Debuxa o resultado no teu caderno. Fai os cálculos e comproba a solución dada polo programa. Se fose necesario modifica a escala e o punto orixen da representación para poder ver dunha vez a representación.

6.- Comproba que o triángulo **a = 8**, **B = 100°**, **C = 80°** é imposible. Explica a solución dada polo programa. Comproba que esta situación fai que os lados **b** e **c** sexan paralelos e polo tanto non se poden cortar. Inventa outro triángulo imposible.

NOME:

DATA: